

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

*Asunto*

Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago - Prego cláusulas Administrativas

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E LIMPEZA DE VARIAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SANTIAGO**

**I**

**DISPOSICIÓN XERAIS**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO** (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG)

O obxecto do contrato será a realización de **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago**.

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

O devandito obxecto corresponde ao código 98341130-5 e 90910000-9 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

**2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN** (arts. 40.1 e 291 LCSP, 4 RG)

**2.1.-** O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

**2.2.-** O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

**3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN**

**3.1.-** A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 19 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto, quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

**3.2.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

#### **4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR** (art 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

**4.1.-** Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

**4.2.-** Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha clasificación adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da solvencia económica e financeira, dos medios a que se refire o art. 64 da LCSP, e, polo que respecta á solvencia técnica, mediante:

1º a relación dos traballos directamente relacionados co obxecto do contrato executados nos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as máis importantes e

2º o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto na cláusula 11.5 do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscripción considérase obrigación esencial aos efectos previstos no artigo 206.g) da LCSP. (art. 53 LCSP)

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

**4.3.-** Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 45.1 LCSP)

**4.4.-** Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

## **5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES** (art 54, disp. transit. 5ª LCSP)

**5.1.-** A clasificación esixida para esta contratación, será a seguinte:

**Grupo U, Subgrupo 1, Categoría A.**

**Grupo L, Subgrupo 6, Categoría B.**

**5.2.-** Para os empresarios non españois da Unión Europea que non estean clasificados, será suficiente acreditar ante o órgano de contratación a capacidade financeira, económica e técnica, conforme ao estipulado na cláusula 4.2 do presente prego, así como que se atopan habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato con arranxo á lexislación do Estado de procedencia, nos termos establecidos no artigo 47 da LCSP.

## **6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN** (arts. 76 e 278 LCSP)

**6.1.-** O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en **428.582'84** euros.

O IVE correspondente (18% do orzamento base anterior) ascende a 77.144'91 euros.

## **7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO** (art. 26.1.k LCSP e 67.2.d RG)

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación, con cargo á partida orzamentaria 34200 22701

Este contrato non suporá a imputación de gasto con cargo o orzamento do ano 2010

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

Ó tratarse de traballos de carácter plurianual, de conformidade co establecido no artigo 174 do Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e o artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

Así mesmo, de acordo co sinalado no artigo 94.2 da LCSP, os expedientes de contratación poderán ultimarse incluso coa adxudicación e formalización do correspondente contrato, aínda cando a súa execución, xa se realice nunha ou en varias anualidades, deba iniciarse no exercicio seguinte. A estes efectos poderán comprometerse créditos coas limitacións que se determinen nas normas orzamentarias das distintas Administracións públicas suxeitas a esta Lei.

### **8. REVISIÓN DE PREZOS** (arts 77 e ss. LCSP).

O prezo da presente contratación poderá revisarse de acordo co índice de prezos ao consumo no período correspondente sen que, non obstante, a revisión poida superar o 85% de variación experimentada polo índice adoptado. (art. 78.3. LCSP)

A revisión de prezos terá lugar, no seu caso, unha vez transcorrido un ano desde a súa adxudicación, data que se tomará como referencia a fin de determinar o momento a partir do cal procede a revisión de prezos e os seus efectos, tendo en conta o establecido no artigo 79.3 da LCSP.

O importe das revisións que procedan farase efectivo de oficio (art.82 LCSP), mediante o abono ou desconto correspondente nos pagos parciais ou, excepcionalmente, na liquidación do contrato, cando non poidan incluírse en devanditos pagos parciais.

### **9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN** (arts. 23, 197 e 279 LCSP)

**9.1.-** O contrato terá un prazo máximo de execución de **UN ANO**.

O contrato poderá ser prorrogado por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outro ano máis, sendo tal prórroga obrigatoria para o empresario, ao amparo do disposto no art. 23.2 LCSP.

**9.2.-** No caso de que o contrato se prorrogue, manteranse inalterados os prezos unitarios iniciais, sen prexuízo das posibles revisións de prezos que procedan, de conformidade co establecido na cláusula 8 do presente prego.

## **II**

### **ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

#### **10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN** (arts. 93.4, 134, 141 e 144 LCSP)

**10.1.-** A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 LCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a 833.482'30 euros.

**10.2.- Criterios de adxudicación.**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

Son criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato os seguintes, por orde decrecente de importancia con arranxo á seguinte ponderación:

**1.- OFERTA ECONÓMICA:** Outorgaranse 10 puntos ó licitador que oferte o prezo máis baixo, valorándose as restantes propostas de xeito inversamente proporcional.

**2.- MELLORAS GRATUITAS:** Ata un máximo de 6 puntos, de acordo co seguinte desglose:

- Oferta de horas a maiores de prestación de servizo sobre as mínimas definidas no prego técnico (máximo 400 de conserxería e 300 de limpeza): 2 puntos.

Estas horas a maiores poderán desenvolverse durante os 12 meses do ano en calquera das instalacións obxecto do contrato.

- Outras melloras valoradas economicamente e directamente relacionadas co obxecto do contrato: 4 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación de cada apartado as ofertas que supoñan unha repercusión económica máis favorable para o Concello, valorándose as restantes de xeito proporcional.

**3.- PROGRAMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO** (organización do persoal, distribución das horas, medios materiais, controis de calidade, xestión medioambiental,...): Ata un máximo de 4 puntos

### **11.- GARANTÍA PROVISIONAL**

De acordo co establecido no artigo 91.1 da LCSP, os licitadores non deberán constituír garantía provisional.

### **12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN** (art. 129.1 LCSP e art.80 RG)

**12.1.-** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **40 días naturais** a contar desde o mesmo día de envío do anuncio ó Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). A licitación anunciarase, así mesmo, no BOE, BOP e no perfil de contratante do Concello de Santiago de Compostela.

**12.2.-** A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-54.23.04), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

**12.3.-** Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

**12.4.-** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

**12.5.-** A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

### **13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS** (arts. 61, 129 e 130 LCSP e art. 80 RG)

**13.1.-** As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago CON/131/2010** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

#### **13.2.- SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación Xeral **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago CON/131/2010**

O seu contido será o seguinte:

**13.2.1.-** O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

**13.2.1.1.- Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 44 LCSP)

**13.2.1.2.-** Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastanteado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

**13.2.1.3.-** Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

**13.2.2.-** Certificado da clasificación de ser requirida segundo o disposto na cláusula 5 do presente prego, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou no seu caso, polo Organismo comunitario correspondente (art. 73 LCSP). Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo non obstante xustificar posteriormente obter a clasificación esixida no prazo de subsanación de defectos ou omisións na documentación a que se refire a cláusula 15 do presente prego.

O certificado de clasificación deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manfeste que os datos de clasificación non tiveron variación. (art. 130.3 LCSP)

Non obstante o establecido no apartado anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos requisitos establecidos na cláusula 4.2. do presente prego.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión obtiveron clasificación como empresa contratista de servizo. En tal caso, acumularanse as clasificacións individuais dos membros da UTE., a efectos de poder acreditar a clasificación global esixida no presente prego.

Se concorren unións de empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acreditar a súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

De non requirirse clasificación, os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

**13.2.3.-** Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente as circunstancias de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (arts. 62 e 130.1.c) LCSP) así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela. (anexo II deste prego)

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

**13.2.4.-** Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

**13.2.5.-** A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 13.2.1 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 13.2.3, salvo no que se refire á circunstancia de estar ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela, respecto das que haberá que aportar, en todo caso, declaración responsable, formulada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 130.3 LCSP)



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia.

**13.3.- SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa ós criterios NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes da licitación do **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago CON/131/2010**

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada co criterio de adxudicación **número 3**, contendo todos os elementos que a integran, incluídos os aspectos técnicos da mesma.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación **SOBRE Nº 2, CON/131/2010**), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes invalidará automaticamente a oferta.

A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 20 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 20 folios.

Non obstante o anterior, admitirase a presentación de diagramas, planos ou cadros explicativos en formato DIN A3 no caso de que resulten ilexibles ou incompletos no formato DIN A4, se ben sempre sen exceder do límite máximo de 20 folios.

Exclúense do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliados mediante cifras.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente excluídas da licitación.

Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refire este apartado, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

**13.4.- SOBRE Nº 3:** Subtitulado Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación do **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago CON/131/2010**

Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada cos criterios de adjudicación **número 1 e 2**, contendo todos os elementos que a integran.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación **SOBRE Nº 3, CON/131/2010**), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

Para ser tida en conta, dita documentación deberá estar subscrita na súa totalidade polo licitador, ou ir acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adjudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derívense.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 129.3 LCSP)

#### **14.- MESA DE CONTRATACIÓN** (art. 295 LCSP e art. 79 RG)

A Mesa de contratación estará integrada por:

**Presidente:** O concelleiro delegado de Deportes ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

### **Vocais:**

Un representante de cada grupo político municipal.

O técnico en programación e xestión deportiva.

O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.

A interventora municipal de fondos, ou persoa que a substitúa.

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

### **15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL** (arts. 71 LCSP e 22, 81 e 82 RG)

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, non será admitido á licitación.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais e sempre antes da declaración de admisión das proposicións.

### **16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do **SOBRE Nº 1** e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **SOBRE Nº 2** dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

A apertura deste **SOBRE Nº 2** terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de 3 días hábiles a súa celebración.

16.2.- No prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 2** realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estime oportuno, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do **SOBRE Nº 3**, que contén os criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes, máis o estudo económico, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de tres días hábiles a través do perfil de contratante do órgano de contratación.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura ós criterios.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

16.3.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, no prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura do SOBRE Nº 3 elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluíra en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adxudicación. (art. 144.2 LCSP)

## **17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

17.1.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.2.- A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, ou por retención de parte do prezo, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

17.3.- Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditalo mediante declaración responsable.

A acreditación de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela realizarase presentando certificación, expedida polo propio ente municipal, xustificativa de tal circunstancia.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

## **18.- ADXUDICACIÓN**

18.1.- O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 145.2 LCSP)

### III

## FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

### **19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO** (art. 140 LCSP)

19.1.- O tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada e ser susceptible de recurso especial en materia de contratación a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Ó documento administrativo de formalización do contrato se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 48 LCSP)

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

### IV

## EXECUCIÓN DO CONTRATO

### **20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO** (art. 41 LCSP)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

## **21.- OBRIGAS DO CONTRATISTA**

**21.1.-** O contrato executarase con estrita sujeción ás estipulaciones contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, derlle o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

**21.2.-** A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 199 LCSP)

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 198 LCSP)

O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 281 da LCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

**21.3.-** O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

## **22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA**

**22.1.-** Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 129.5 LCSP)

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## **23.- ABONOS AO CONTRATISTA** (art. 200 LCSP)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

**23.1.-** O pago do prezo do contrato realizarase na forma que a continuación se detalla, de acordo cos prazos previstos na cláusula 9 do presente prego, e previo informe favorable ou conformidade do funcionario que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable do mesmo.

**23.2.-** O pago realizarase contra facturas mensuais, expedidas de acordo coa normativa vixente, debidamente conformadas pola Unidade que reciba o traballo ou, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

**23.3.-** O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 201 LCSP)

#### **24.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS** (art. 196 LCSP)

**24.1.-** O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

**24.2.-** Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

**24.3.-** A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

**24.4.-** A constitución en maura do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

**24.5.-** Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

#### **25.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

**25.1.-** No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 196.1 LCSP)

**25.2.-** Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

### **Infraccións:**

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.
- b. O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF) e Seguridade Social dos empregados.
- c. Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.
- d. As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.
- e. O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.
- f. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- g. Falsear información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.
- h. A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

- i. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

Consideraranse infraccións graves :

- a. O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- b. O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- c. A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- d. A falta de contracción de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- e. A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

Considéranse infraccións leves:

- a. Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- b. Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

**Sancións:**

As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

- a. As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- b. As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- c. As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións imponense logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

V

**SUBCONTRATACIÓN**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

## **26.- SUBCONTRATACIÓN** (art. 210 LCSP)

**26.1.-** O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adjudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles á data en que vaia iniciarse a execución do subcontrato, achegando, ao mesmo tempo, a seguinte documentación:

**26.1.1.-** Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do contrato a subcontratar e o seu importe.

**26.1.2.-** Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendido nalgún dos supostos do artigo 49 da LCSP.

**26.1.3.-** Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos precedentes, se os houberse, non exceden do 60% do importe de adjudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado, incluído o que é obxecto de comunicación, representa sobre o orzamento de adjudicación do contrato principal.

**26.1.4.-** Compromiso do contratista de cumprimento do previsto no artigo 210 da LCSP.

**26.2.-** As modificacións que se produzan nas prestacións obxecto do subcontrato ao longo da súa execución, deberán ser notificadas por escrito ao órgano de contratación, nun prazo non superior a quince días de producirse a mesma, con indicación das modificacións producidas.

**26.3.-** Será requisito indispensable para o abono das correspondentes certificacións ou facturas ao contratista, que o director ou supervisor da execución do contrato emita informe ou dilixencia facendo constar a porcentaxe subcontratada ata a data polo contratista para a execución do contrato principal ou, no seu caso, constatando que non se produciu subcontratación.

## **VI**

### **MODIFICACIÓN DE CONTRATO**

#### **27.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 282 da LCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 140 e 202 da LCSP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

## **28.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO** (art. 203 LCSP e 103 RG)

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 200.5 da LCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 285 da LCSP.

## VII

### **FINALIZACIÓN DO CONTRATO**

## **29.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO** (arts.205, 283 LCSP e arts.108, 203.2 e 204.3 RG)

**29.1.-** O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

**29.2.-** Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

**29.3.-** Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente.

## **30.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

**30.1.-** Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 285 da LCSP.

**30.2.-** Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. (art. 277.4 LCSP)

## **31.- PRAZO DE GARANTÍA** (art. 205.3 e 283.2 LCSP)

**31.1.-** O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONUI0YO	CON/131/2010	06-08-10 13:05

garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

**31.2.-** Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 281 da LCSP.

### **32. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA** (art. 90 LCSP)

**32.1.-** Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

**32.2.-** Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato (ou 6 meses no caso de contratos de importe inferior a 100.000 euros) sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 da LCSP.

### **33.- CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

### **34.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL**

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

### **35.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES**

A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa.

Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

## ANEXO I

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ...., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a contratación de **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:

Prezo (en letras e numeros) : \_\_\_\_\_ euros.

( \_\_\_%) IVE: \_\_\_\_\_ euros.

Lugar, data e firma do licitador

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 49 e 130.1.c) da LCSP.

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

### ANEXO III

#### (Modelo de Aval)

La Entidad \_\_\_\_\_ (1), con CIF nº \_\_\_\_\_, domicilio en (2) \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, y en su nombre \_\_\_\_\_ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastateo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

#### AVALA

A \_\_\_\_\_ (4), con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_ en virtud de lo dispuesto en los artículos 83 y siguientes de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público, para responder de las obligaciones derivadas del expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ (5) relativo a la contratación de \_\_\_\_\_ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía \_\_\_\_\_ (7) por importe de \_\_\_\_\_ Euros (\_\_\_\_\_).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público y legislación complementaria.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Fdo. \_\_\_\_\_

#### BASTATEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE

\_\_\_\_\_(8)  
Provincia Fecha Número o código

- (1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.  
(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastatea el poder.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONUI0YO	<i>Expediente</i> CON/131/2010	<i>Fecha</i> 06-08-10 13:05

### **INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN**

Visto o expediente denominado “**Servizo de Conserxería e Limpeza de varias instalacións deportivas do Concello de Santiago**”, quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto nos atopamos ante un suposto de contrato de servizos, de carácter administrativo segundo o disposto no artigo 19.1.a) da LCSP, e en consideración á súa contía tratase dun contrato suxeito a regulación armonizada (art. 16.1.b) LCSP) e tramitárase por procedemento aberto, regulado nos artigos 141 a 145, seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 126 da LCSP.

En canto ás normas específicas que regulan o contrato de servizos, estarás ó disposto nos artigos 277 a 288 da LCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na LCSP na medida na que se define o obxecto do contrato e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e réxime xurídico deste, os criterios de adjudicación coa súa correspondente ponderación, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase que cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola LCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adjudicación do contrato.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 93 da LCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictárase resolución da Xunta de Goberno Local aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2010.

**A XEFE DE SERVICIO,**

**Asdo.: Rocío Montañés Fernández**

**Conforme o Director da Asesoría Xurídica,**

**Asdo.: Francisco J. Castiñeira Izquierdo**